

PEZA DO MES

decembro

2005



PÍA DE AUGA BENDITA



PANEL CENTRAL. VIRXE DO CARME

PÍA DE AUGA BENDITA

PRIMEIRO TERCIO DO SÉCULO XX

PRATA FUNDIDA

41 X 25 cm

900 g

DOAZÓN DE D. JOSÉ PARADA CARBALLO

Nº INVENTARIO 4.523

En 1972 os fondos de Belas Artes do Museo víronse incrementados nunhas 600 pezas, mercé ao xeneroso e importante legado testamentario do avogado e Coronel de Infantería ourensán D. José Parada Carballo, quen na súa paixón de coleccionista chegou a reunir unha singular colección de obxectos artísticos que ilustran con precisión sobre o seu gusto e sensibilidade. Cómpre destacar desta colección que a práctica totalidade das pezas foron adquiridas pacientemente e de maneira persoal por Parada Carballo nas sucesivas viaxes que realizou pola península e polas antigas posesións españolas en África, ata conformar un

conxunto heteroxéneo, de moi diversos estilos que abranguen dende o século XVIII ao XX. Sobrancean entre elas, a serie de 133 medallas, tanto conmemorativas como relixiosas, a espléndida colección de 55 pías de auga bendita, varias pezas de Sargadelos, numerosos abanos e reloxos, palmatorias e escribanías, iconos, mobles, pinturas e unha curiosa colección de devocionarios. Entre os materiais que as conforman predominan o ébano, o marfil e a prata.

Despois do ouro, a prata é o máis precioso de todos os metais. O seu nome nos diferentes idiomas (*plata, argent, silver*) fai referencia ao seu brillo e resplandor, froito da capacidade que ten de reflectir os raios de luz. A pratería destaca porque ao valor artístico engade unha materia prima valiosa por sí mesma, que serve de vehículo para expresar prestixio social, riqueza e piedade relixiosa. As pezas principais da pratería relixiosa, as máis coidadas e ricas son o cáliz e a custodia, empregados nas celebracións eucarísticas; pero este material precioso tamén se empregaba noutros obxectos litúrxicos como cruces procesionais, relicarios, sacras, portapaces, coroas... e pías de auga bendita como a que agora estudamos. Destaca polas súas dimensións, xa que non é habitual atopar pías deste tamaño, pois soían ser de medidas máis reducidas. Respecto da súa procedencia e lei sinalar que presenta varias marcas de punzón, unha debaixo do panel central: ELIGIO-ORENSE, e outras dúas preto da cabeza da Virxe, que corresponden ao marcaxe das xefaturas delegadas do Ministerio de Industria, que indican a lei (cantidade de fino que contén a aleación dun metal precioso con outro distinto) que neste caso é de 915 milésimas como garante a marca que representa unha estrela de cinco puntas.

A peza está realizada en prata na súa cor e componse de catro partes obtidas a molde mediante a técnica de fundición por area vibrada e posterior soldadura, mostrando no reverso sinais de varias restauracións. No panel central represéntase unha Virxe do Carme de estilo renacentista entronizada e co Neno no colo, portando sendos escapularios. A escea está enmarcada por un arco trilobulado e flanqueada por anxos e querubíns. Remata a peza



JOSÉ PARADA CARBALLO

unha cruz lisa co Espírito Santo en forma de pomba realzada por resplandores de raios solares, con cabezas de anxelotes e nubes celestiais. Exteriormente describe un contorno quebrado, con tornapuntas e motivos vexetais. A pía, de perfil movido, compartimenta o corpo en tres esceas, que se recubren de molduras e decoración vexetal. Presenta restos de sobredourado no seu interior, xa que o ouro destínase a parte máis nobre e sagrada, contenedora da auga bendecida ao tempo que protexe á prata da oxidación. Todo o conxunto ten un gran dinamismo gracias á profusa decoración calada a base de roleos e ó movemento dos panos.

Ao redor do século XV as pías de auga bendita saíron das igrexas para introducirse, unha vez reducidas as súas dimensións, nas celas dos conventos e por mimetismo nas casas particulares. A aceptación popular foi tan grande que, ata épocas relativamente recentes e sobre todo en zonas rurais, estes obxectos tamén chamados benditeiras, situábanse no zaguán, ao lado da porta de saída e nos dormitorios, na cabeceira do leito e empregábanse como signo de protección e renovación do bautismo. Realizadas en cerámica, metal, mármore, madeira, cristal ou pedra, a iconografía, colorido e forma dependen do lugar de

orixe. Os temas decorativos das benditeiras son de carácter popular e relixioso, con representación de santos, a Crucifixión ou a Virxe. Levan un pequeno recipiente para conter a auga previamente bendecida onde se introducían os dous dedos para santiguarse ao tempo que se reza unha oración. Na actualidade, unha vez perdido ese costume, convertéronse en apreciadas pezas de coleccionista e nun elemento decorativo.

Ao tratarse dunha peza realizada coa técnica da fundición, que permite reproducir multitude de exemplares a partir dun único modelo, temos que pensar na ampla demanda deste tipo de iconografía, de clara aplicación devota, destinada á íntima práctica relixiosa profesada nos dormitorios, onde se colocaban, ademais das benditeiras outros elementos protectores como crucifixos, rosarios, lampariñas de aceite e pequenas imaxes relixiosas. Virtualmente, a capela trasladábase ao fogar e nas alcobas, fronte ao “santiño” estaba o reclinatorio e na cabeceira da cama a pía de auga bendita. Todo elo conformaba o esceario que invitaba á pregaría e gardaba ao durminte ou enfermo. A figura da Virxe da Carne desta pía reforza esta idea, pois á súa maternal intercesión engádese a presenza do escapulario, de carácter miragroso, composto por dous cadrados de tea con cordóns de unión nos que aparece o escudo dos carmelitas formado por un monte rodeado de tres estrelas e unha cruz na cima. Aínda que hoxe a advocación da Virxe do Carne está moi vinculada en Galicia ás xentes do mar das que é a súa patroa, os nosos antergos honraban a esta imaxe como intercesora das Ánimas do Purgatorio, o que corrobora moitas tallas pequenas que se poden ver nos cemiterios e sobre todo a gran cantidade de Petos das Ánimas que aínda quedan, por desgracia moi esquecidos, polos camiños da nosa terra.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: M^a del Pilar Núñez Sánchez

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO